

4/84 **APROBACIÓN DO SUPLEMENTO DE CRÉDITO-CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚMERO 1-2022.**- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA, do 17 de xuño de 2022, do seguinte teor literal:

“Asunto: Proposta de aprobación de Proxecto de Modificación do Orzamento do Concello de Lugo Suplemento de crédito- Crédito Extraordinario Núm. 1/2022.

Importe: 1.525.835,54 euros

Destino:

- URBANIZACIÓN DA CONTORNA DO NOVO AUDITORIO E SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS CONSTRUTIVAS.

- APORTACIÓN EXTRAORDINARIA Á FUNDACIÓN DE FEIRAS E EXPOSICIÓN DE LUGO PARA AS OBRAS DE REPARACIÓN E MELLORA DA CUBERTA.

Financiamento: RTGX

Mediante Decreto da Alcaldía número 2126/2022 do 24.2.2022 aprobouse a liquidación do Orzamento do Concello de 2021, na que se puxo de manifesto a obtención dun Remanente de Tesourería para Gastos Xerais dispoñible por importe de 35.691.994,14 euros.

O presente expediente de modificación orzamentaria mediante a modalidade de suplemento de crédito-Crédito Extraordinario, ten a finalidade de dar cobertura ás obrigas derivadas de actuacións de contido económico derivadas do expediente de contratación das obras de “URBANIZACIÓN DA CONTORNA DO NOVO AUDITORIO E SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS CONSTRUCTIVAS” comprendidas no proxecto básico e de execución elaborado por MOMA Taller de Arquitectura S.L.P., así como á aportación municipal extraordinaria á Fundación Feiras e Exposicións de Lugo para a contratación das “OBRAS DE REPARACIÓN E MELLORA DA CUBERTA”.

En consecuencia, logo de ver o informe de Intervención Ref.: 2022/1024 de data 16/06/2022 e considerando a inexistencia ou insuficiencia de crédito nas aplicacións orzamentarias de referencia no vixente Orzamento, segundo figura na

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac7938566687440762676.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-6-2022

memoria que acompaña á presente proposta, proponse ao Excmo. Concello Pleno, a adopción dos seguintes acordos:

1) Aprobar o proxecto de modificación do vixente Orzamento, mediante a súa modalidade de Suplemento de crédito/Crédito Extraordinario (1/2022) por importe de 1.525.835,54 € co seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

Cód.Proxecto	Aplicación Orzamentaria		Importe
22RT00001	93301.62700	CAPÍTULO VI Novo Auditorio Acea da Olga	1.486.900,67 €
22RT00002	42200.74900	Aportac.mun. extr. obras cuberta Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	38.934,87 €
		TOTAL	1.525.835,54 €

ESTADO DE INGRESOS.Financiamento:

Concepto	Denominación	Importe
870.00	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais	1.525.835,54 €
TOTAL ESTADO DE INGRESOS: 1.525.835,54 €		

2) Expoñer este expediente ó público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaren reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

2.- DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, emitido na sesión celebrada o día 23 de xuño de 2022.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de modificación do vixente Orzamento, mediante a súa modalidade de Suplemento de crédito/Crédito Extraordinario (1/2022) por importe de 1.525.835,54 € co seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

Cód.Proxecto	Aplicación Orzamentaria	CAPÍTULO VI	Importe
22RT00001	93301.62700	Novo Auditorio Acea da Olga	1.486.900,67 €
22RT00002	42200.74900	Aportac.mun. extr. obras cuberta Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	38.934,87 €
		TOTAL	1.525.835,54 €

ESTADO DE INGRESOS.Financiamento:

Concepto	Denominación	Importe
870.00	Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais	1.525.835,54 €
TOTAL ESTADO DE INGRESOS: 1.525.835,54 €		

SEGUNDO.- Expoñer este expediente ó público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaren reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas